



ANUARIO DE ESTUDIOS LITERARIOS GALEGOS



- * *O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famalição, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas.*
Xesús Alonso Montero
- * *Gonzalo R. Mourullo na narrativa galega.*
María Teresa Bermúdez Montes
- * *Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego.*
Henrique Monteagudo
- * *Dez anos de narrativa negra galega (cen anos de cine).*
Silvia Gaspar
- * *Daquelas que cantan... sen miramentos: María Xosé Queizán ou o amor á disonancia.*
Susana Reisz

**Carmen Blanco: O contradiscurso das mulleres.
Historia do feminismo.
Vigo: Editorial Nigra.**

M^a Xosé Agra

Os modos de facer historia son diversos, coma tamén o son as súas teorizacións. Hai diferentes versións, moitas formas de ver o pasado. A memoria, a escritura e a política, xa que logo, están estreitamente interrelacionadas e esta interrelación é a que nos presenta Carmen Blanco neste seu novo libro. O discurso histórico tradicional está cheo de silencios, de ausencias, de esquecementos, constrúese de costas ás mulleres, conta tan só a metade da historia. Coñecer e contar a historia das mulleres é unha tarefa na que moitas mulleres empregaron e están a empregar os seus esforzos. *O contradiscurso das mulleres* trata, xustamente, de ofrecernos outro relato da historia, preséntase coma homenaxe a todas aquelas persoas, especialmente mulleres, que se enfrontaron e combateron un sistema excluínte e inxusto: o patriarcal. De aí que o libro leve por subtítulo *Historia do feminismo*. Isto é, ocúpase da historia do proceso feminista, da aparición e creación dun discurso das mulleres e dun movemento político e social que desde hai dous séculos vén producindo importantes cambios teóricos e prácticos, no coñecemento e na experiencia, na vida pública e na privada.

Así pois, o obxecto do libro non é contar a historia das mulleres no sentido de nos mostrar a súa presenza constante na historia, senón a historia das mulleres que construíron un contradiscurso, que teceron a urdime do proceso feminista, os seus textos e mais os seus contextos. Para dicilo coas súas palabras "o libro adéntrase na dialéctica existente entre o discurso androcéntrico e o contradiscurso feminista" (p. 16). A historia do feminismo non esgota, nin é consecuentemente a súa pretensión, a historia das mulleres, antes ben, forma parte dela. Para levar adiante este cometido, a autora parte explicitamente da parcialidade que impón o recoñe-

cerse coma parte implicada política e afectivamente. Cómpre sinalar que é esta, precisamente, unha das características máis propias do facer teórico-práctico feminista que —fronte á pretendida neutralidade, obxectividade, verdade, do discurso científico— explicita claramente o lugar desde o que se fala, se pensa e se escribe, sen por iso deixar de ser rigoroso ou perder “cientificidade”. Explicitar ese compromiso ético-político coa loita e co discurso das mulleres, co feminismo, e con Galicia, é un dos grandes méritos deste libro.

O texto está estruturado en dous grandes apartados: o primeiro adicado á historia e ó concepto do feminismo, desde unha perspectiva histórica; o segundo, máis centrado teoricamente, sobre o proceso feminista e a súa problemática terminolóxica. No desenvolvemento da primeira parte —a máis extensa— atopámonos cunha interesante aproximación ó proxecto teórico-práctico do feminismo, que vai recollendo e apuntando as diferentes fases, os diferentes contextos, países e temas que xorden; desde o feminismo orixinario ós nosos días, pasando polo feminismo sufraxista e o feminismo da liberación; analizando as especificidades da primeira onda feminista e da segunda, do feminismo reformista ó radical; deténdose nas protagonistas; sinalando cadencias: os comezos, a eclosión, as transformacións.

Na segunda parte, se ben no punto de partida se incide na “imposibilidade de dar unha definición unívoca do feminismo”, tras a análise conceptual das diferencas existentes no feminismo —diferencias non só terminolóxicas senón tamén políticas, sociais e teóricas— máis que co feminismo atopámonos cos “feminismos”. Agora ben, a diversificación, as diferencias no proceso feminista, como vén poñer de manifesto a autora, non representan a disgregación. A súa tese é clara e dupla: o proceso de conciencia feminista é un proceso continuo, o discurso feminista amósasenos como un discurso ininterrompido. Continuidade e unidade son as características que o definen, pero tamén unha complexidade integradora. O carácter antidogmático que se reclama do feminismo —carácter do que a autora dá boa conta no libro— afirma unha maior complexidade e necesidade de integración. Tanto nesta segunda parte coma na primeira, o desenvolvemento vai acompañado de abundosa información e documentación.

Deste condensado compendio histórico e conceptual do feminismo destacaríamos especialmente as páxinas sobre Galicia e Portugal, e as adicadas á crítica literaria feminista. Respecto da cuestión do feminismo en Galicia, a mesma autora advírtenos dos problemas: pouco estudado, escasa bibliografía ou carencias importantes de información coma no caso do movemento feminista de posguerra e mesmo de preguerra. Aínda que o que acontece en Galicia non pode ser desvencegado do resto do Estado Español, danse certas condicións que, segundo se indica, marcan unha certa especificidade e que supoñen, se cabe, un atranco aínda maior, tanto no que atinxe á primeira onda feminista, o sufraxismo, coma á segunda onda, o da liberación ou autonomía. En termos xerais, a presenza do movemento feminista é escasa, a prensa ten un carácter feminino, non feminista. As asociacións de mulleres ou agrupacións feministas son poucas. O protagonismo das mulleres nos partidos políticos (sexan estatais ou nacionalistas) é pouco notorio, utilizándose a problemática das mulleres de xeito subsidiario e reproducindo o tradicional apoio na sombra. O carácter minoritario da conciencia feminista vai da man do conservadurismo ideolóxico respecto da cuestión das mulleres. O nacionalismo e o galeguismo non son excepcións, só que aquí atopamos coa mitificación: o mito da nai galega como nai forte, o mito maternal, que, en gran medida, leva acochado o propio rexeitamento do feminismo. Interesantes son, neste sentido, as posicións

sostidas en relación co voto feminino. No que respecta á segunda onda do feminismo en Galicia vén pasar algo semellante: o proceso en Galicia é retardatario, “notablemente serodio”, pero, de novo, con certas peculiaridades coma Carmen Blanco nos vai mostrando, tomando 1975 como data simbólica e 1976 como o ano do punto de partida do movemento feminista en Galicia.

Tampouco se pode pasar por alto, como dicíamos, o espacio adicado a analizar a crítica literaria feminista, e non só por ser este un terreo sobradamente coñecido e exercido pola autora, senón tamén por “un inxustificable descoñecemento académico e extraacadémico da crítica literaria feminista, que ademais se ve envolta nun prexuízoso silencio” (p. 207). A literatura, e así se insiste, supuxo un lugar privilexiado para o feminismo, estreitamente vencellado á explosión creadora das mulleres. A crítica literaria feminista caracterízase, desde o seu nacemento a finais da década dos setenta, polo cuestionamento da hermenéutica tradicional. A autora vai deténdose nas súas etapas: a primeira, basicamente negativa e desmascaradora; a segunda á procura da especificidade feminina; a terceira preocupada pola reconstrucción da súa tradición literaria específica; e a cuarta, na que se leva a cabo a análise do feito literario en toda a súa amplitude, así como a posta en cuestión da propia construcción do canon literario. Agora ben, Carmen Blanco recoñece abertamente a afiliación da crítica literaria feminista e non renega dela:

Sen dúbida o de Virginia Woolf foi o máis fundado e consciente de todos: ordenou o seu propio cuarto e procurou o andrónxino. O seu profundo feminismo integrador uniu, tanto na fluidez da creación como na da crítica, a visión histórica, a psicolóxica e a sociolóxica para dármonos as claves máis fondas da conformación da realidade e da linguaxe, a partir das cales é posible romper os moldes xenéricos [...]. Sen dúbida, ela foi a nai de todas. Aínda que logo moitas das súas fillas a negasen” (p. 205).

Este libro, pois, vén encher un baleiro innegable no noso entorno, rompe co silencio e mantén a continuidade do discurso feminista, da memoria. E faino desde ese compromiso consciente, antidogmático, desde esa complexidade integradora coa que aborda a historia do proceso feminista e a nosa contemporaneidade. Por último, só cabe o desexo de que este discurso, este contradiscurso, ininterrompido, se se interrompe, que sexa porque as razóns que o fixeron xurdir xa desapareceron.

MARÍA XOSÉ AGRA